Acuerdo del Consejo de la Gerencia Municipal de Urbanismo en sesión ordinaria de 3 de marzo de 2020, aprobando la declaración de ausencia de conflicto de intereses en su ámbito de actuación.



CONCELLO DE VIGO

XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO
SECRETARÍA

JOSÉ RIESGO BOLUDA, SECRETARIO DA XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO DO CONCELLO DE VIGO

CERTIFICO: Que o Consello de Xerencia da Xerencia Municipal de Urbanismo do Excmo. Concello de Vigo, en sesión ordinaria do día 03/03/2020 acordou:

2. MODELO DE DECLARACIÓN DE CONFLICTO DE INTERESES A SUBSCRIBIR NOS EXPEDIENTES DE CONTRATACIÓN TRAMITADOS NA XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO (ARTIGO 64 LEI CONTRATOS DO SECTOR PÚBLICO). EXPTE. 525/406.

Antecedentes:

O 26/02/2020 o secretario da Xerencia co conforme da concelleira delegada da Área de Urbanismo informa:

“Lexislación aplicable.

Directiva 2014/24/UE do 26 de febreiro, do Parlamento Europeo e do Consello.
LCSP. Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.
LRXSP. Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.
LBRL. Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.
EEXMU. Estatutos da Xerencia Municipal de Urbanismo. (BOP 6.10.2010).

Antecedentes. Mediante Dilixencia de data 24.02.2020 a vicepresidencia da XMU insta desta Secretaría formulación de proposta ao Consello en relación coas medidas a adoptar para prevenir conflitos de intereses que poidan xurdir nos procedementos de licitación da XMU.

Cumprimentando a petición fórmulase o seguinte informe – proposta

I. O artigo 24 da Directiva 2014/24/UE define o conflito de intereses como “... *calquera situación na que os membros ... do poder adxudicador ..., que participen no desenvolvemento do procedemento de contratación ou poidan influir no resultado de dito procedemento teñan, directa ou indirectamente, un interese financeiro, económico ou persoal que poidera parecer que compromete a súa imparcialidade e independencia no contexto do procedemento de contratación*”.

Seguindo a Directiva o artigo 64 da LCSP refírese á loita contra a corrupción e prevención de conflitos de intereses; neste sentido indica,

“1. Os órganos de contratación tomarán as medidas axeitadas para loitar contra o fraude, o favoritismo e a corrupción, e prevenir, detectar e solucionar de modo efectivo os conflitos de intereses que poidan xurdir nos procedementos de licitación co fin de evitar calquera distorsión da competencia e garantir a transparencia no procedemento ...

2. A estes efectos o concepto conflito de intereses abarcará, alomenos, calquera situación na que o persoal ao servizo do órgano de contratación, que ademais participe no desenvolvemento do procedemento de licitación ou poida influir no resultado do mesmo, teña directa ou indirectamente un interese financeiro, económico ou persoal que poidera parecer que compromete a súa imparcialidade



CONCELLO DE VIGO

XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO
SECRETARÍA

e independencia no contexto do procedemento de licitación.

Aquelas persoas ou entidades que teñan coñecemento dun posible conflito de interese poñerano en coñecemento do órgano de contratación.

Segundo a Organización para a Cooperación e o Desenvolvemento Económico (OCDE) enténdese por conflito de intereses, “(...) un conflito entre o deber e os intereses privados dun empregado público cando o empregado ten a título particular intereses que poideran influir indebidamente na forma correcta do exercicio das súas funcións e responsabilidades oficiais.”

O denominado “conflito de intereses” non vai moito máis alá que o denominado “deber de abstención” disciplinado desde sempre no noso ordenamento xurídico, hoxe artigos 23 e 24 da LRXSP, concretamente o artigo 23.5. sinala, “*A non abstención nos casos que conorra algunha das circunstancias [as previstas no apartado 2] dará lugar á responsabilidade que proceda*”. Así mesmo segundo o artigo 75 da LBRL e outros concordantes os concelleiros con anterioridade a súa toma de posesión; os funcionarios de Habilitación nacional cuxo posto estea provisto polo sistema de libre designación; e o persoal directivo do Concello atópanse obrigados a presentar no Rexistro de Intereses do Concello diversas Declaracións que se atopan relacionadas co fin agora pretendido.

II. A LCSP no artigo 61.1. indica, “*A representación das entidades do sector público en materia contractual corresponde aos órganos de contratación, unipersoais ou colexiados que, en virtude de norma legal ou regulamentaria ou disposición estatutaria, teñan atribuída a facultade de celebrar contratos no seu nome.*”

A Xerencia Municipal de Urbanismo é un organismo autónomo do Concello de Vigo, conforme o artigo 2.2 dos seus Estatutos ten personalidade xurídica propia.

Os Estatutos da XMU son a “disposición estatutaria” onde recoñécese ao Consello da Xerencia como órgano de contratación; neste sentido o artigo 10.2.h) sinala, “*Correspóndelle, con carácter resolutivo, a atribución da aprobación dos expedientes de contratación e adxudicación provisional e definitiva de obras, subministros, servizos, concesión de obras públicas e administrativos especiais tramitados por calquera procedemento, salvo o disposto para os menores no artigo quinto dos presentes Estatutos*”.

Conforme á normativa exposta correspóndelle ao Consello da XMU adoptar as medidas axeitadas para loitar contra o fraude, o favoritismo e a corrupción e para prevenir, detectar e solucionar de modo efectivo os conflitos de interese.

III. No que é a detección de conflitos de intereses nos procedementos de contratación pública a UE, a través dun grupo de expertos dos Estados membros coordinado pola unidade de Prevención do Fraude, ten elaborado unha “*Guía práctica para os responsables da xestión*”, que recomenda esixir a todas e cada unha das persoas que participen nun procedemento de contratación pública a cumprimentación dunha “*Declaración de ausencia de conflito de intereses*”. Esta “*Declaración*” correspóndese coas “*medidas axeitadas*”, do artigo 64.1 LCSP, que, en todo caso, deben adoptar os órganos de contratación o fin de prevenir conflitos de interese.

A *Guía* advirte que, cumprimentarán e asinarán a Declaración as persoas implicadas en calquera fase do procedemento de contratación (preparación, avaliación, seguimento e execución) e que tal Declaración lle será entregada ao responsable do procedemento de contratación que procederá a súa



CONCELLO DE VIGO

XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO
SECRETARÍA

recopilación e arquivo.

Finalmente a *Guía*, aínda que remitindo o seu desenvolvemento a *normas da lexislación nacional*, refírese, (i) á verificación das declaracións, é dicir, ás normas para a súa comprobación; (ii) a súa supervisión (creación dun rexistro especial ou un sistema de xestión da información para cada procedemento de contratación); (iii) ás sancións administrativas ou penais aplicables no suposto que algún obrigado non revelara calquera situación de conflito de interese; e, (iv) ás medidas a adoptar se se identifica un risco de conflito de intereses ou se declara ou detecta un conflito antes ou durante o procedemento.

IV. Aínda que como se ten exposto corresponde á lexislación nacional -en aras a unha uniformidade dos órganos de contratación existentes nas distintas Administracións Públicas-, establecer as normas que desenvolvan o seguimento das “Declaracións de ausencia de conflitos de intereses”, ante todo no que se refire ás posibles sancións e ás medidas a adoptar no caso de detectar conflito, non é menos certo que a LCSP, artigo 64.1, habilita aos órganos de contratación para aprobar medidas preventivas deses conflitos, e que a mesma “*Guía*” no apartado 2.2. advirte que corresponde aos órganos de contratación desenvolver un procedemento en relación coas declaracións de ausencia de conflitos de intereses, concebidas, apartado 2.4., como ferramenta para prevenir de conflitos e para, (i) concienciar do risco de conflitos; (ii) sinalar ámbitos de riscos; (iii) protexer ás persoas participantes nos procedementos; e, (iv) protexer o procedemento de contratación.

V. Seguindo o modelo tipo da “*Guía práctica para os responsables da xestión*”, procede que o Consello da XMU, órgano de contratación, ao amparo do artigo 64.1 da LCSP, adopte medidas axeitadas para prevenir e advertir conflitos de intereses adoptando o seguinte...”

Votación:

EN CONTRA: Ningún voto.

ABSTENCIÓNS: Ningún voto.

A FAVOR: 9 votos: 1 de Grupo Mixto: Sr. Pérez Correa, 1 do PP: Sr. González Castillo e 7 do PSOE: Sres. Abelairas Rodríguez, Espinosa Mangana, Mejías Sacaluga, Caride Estévez, Aneiros Pereira, Fernández Pérez e López Font.

Acordo:

O Consello, considerando a ponderación do cómputo de votos sinalado na sesión constitutiva de data 11 de xullo de 2019, adopta o seguinte acordo:

PRIMEIRO. Aprobar o “**Modelo de Declaración de conflito de interese**” que consta no ANEXO a este acordo que será subscrita en todas e cada unha das fases dos procedementos de contratación incoados pola Xerencia Municipal de Urbanismo polos membros do órgano de contratación (Consello da Xerencia) e polo persoal ao servizo do mesmo así como polas demais persoas que participen no desenvolvemento do procedemento que poidan influir no resultado.

SEGUNDO. Na Orde do Día das sesións do Consello da Xerencia constará como punto



CONCELLO DE VIGO

XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO
SECRETARÍA

individualizado un punto denominado “Subscrición da Declaración de conflito de intereses” cando nesa Orde do Día figure algún punto relacionado con calquera das fases dos procedementos de contratación incoados pola Xerencia Municipal de Urbanismo.

TERCEIRO. Chegada a sesión ao punto “Subscrición da Declaración de conflito de interese” a Presidencia lembrará modelo de Declaración aprobado polo Consello sinalando a data da súa aprobación e o procedemento de contratación en curso ao obxecto de que os membros do Consello e os funcionarios asistentes á sesión se manifesten sobre a súa subscrición. Considerarase que os membros do Consello da Xerencia e os funcionarios que regularmente asisten ao Consello coñecen e aceptan a literalidade do contido da Declaración. Se a resposta das persoas citadas é a de “subscribir a declaración” enténdese a inexistencia de conflito de interese; caso de “non subscribir a declaración” entenderase que a persoa en cuestión poidera atoparse incurso en conflito.

CUARTO. As actuacións mencionadas recolleranse na Acta da sesión indicando o nome e apelidos dos asistentes á sesión que se teñan pronunciado nun ou noutro sentido (subscrición ou non subscrición da Declaración). Unha certificación deste punto da Orde do Día da Acta incorporarase ao Expediente de contratación.

QUINTO. O procedemento sinalado nos dous apartados anteriores seguirase nas sesións da Mesa de Contratación da Xerencia Municipal de Urbanismo. Considerarase que os membros da Mesa de Contratación ou os funcionarios que asisten á Mesa coñecen e aceptan a literalidade do contido da Declaración.

SEXTO. Na primeira reunión do Comité de Expertos cada membro do Comité subscribirán materialmente a “Declaración de conflito de intereses” que será incorporada ao Expediente; o secretario da Mesa de Contratación comprobará a realización deste requisito.

SÉTIMO. Os empregados públicos que realizen algún informe técnico a solicitude da Mesa ou do propio órgano de contratación e a persoa responsable do contrato subscribirán a “Declaración de conflito de intereses”; o secretario da Mesa de Contratación comprobará a materialización deste requisito.

OITAVO. Créase o Rexistro de Declaracións de conflito de interese da Xerencia Municipal de Urbanismo. No Rexistro archivaranse a totalidade das declaracións subscritas en cada procedemento de contratación. O secretario da Mesa de Contratación da Xerencia Municipal de Urbanismo será a persoa responsable do Rexistro.

ANEXO

Denominación do procedemento de licitación

D./Da. _____, con DNI nº _____, na miña condición de _____. Declaro baixo a miña conciencia e honra,

1. Que non me atopo en ningunha situación de conflito de intereses respecto do procedemento de licitación denominado “.....” (Expdte/...)



CONCELLO DE VIGO

XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO
SECRETARÍA

Que entendo como concepto de conflito de intereses o regulado no artigo 64 da Lei 9/2017, de Contratos do Sector Público, “... calquera situación na que o personal ao servizo do órgano de contratación, que ademais participe no desenvolvemento do procedemento de licitación ..., teña directa ou indirectamente un interese financeiro, económico ou persoal que poidera parecer que compromete a súa imparcialidade e independencia no contexto do procedemento de licitación.”

2. Que non teño conflito de interese con respecto aos interesados que teñen presentado oferta para participar no procedemento de licitación, ben como persoas físicas ou xurídicas, ben como membros dun consorcio, ben como membros dunha unión temporal de empresarios, ben respecto aos subcontratistas por eles propostos.

3. Que carezco de calquera interese persoal que poidera parecer que compromete a miña imparcialidade e independencia no procedemento de licitación e que non existen feitos ou circunstancias, pasados ou presentes que comprometan ou poidan comprometer a miña independencia.

4. Que poñeré en coñecemento do órgano de contratación calquera situación futura de conflito de intereses.

5. Que non realicei, nin realizarei, xestión algunha da que poida derivarse ventaxa competitiva respecto da selección e/ou priorización no procedemento de licitación.

6. Que tratarei como confidenciais todos os asuntos a min confiados. Non revelarei información confidencial que me sexa comunicada ou que teña coñecido. Non farei uso improcedente da información a min proporcionada. Acepto tratar en confianza e discreción calquera información ou documentación que me sexa revelada ou que eu prepare no transcurso do procedemento e que tan só a utilizarei aos fins da avaliación que procedan sen revelala a ningunha terceira parte.

7. Que confirmo que se descubro ou se constata no transcurso do proceso de fixación de criterios / selección / avaliación / execución do contrato ou modificación do mesmo que tal conflito existe o ten xurdido o declararei ao órgano de contratación, e se se hallare un conflito de intereses, deixarei de tomar parte no proceso de avaliación e en todas as actividades relacionadas.

8. Que non me atopo en causa de abstención conforme o disposto no artigo 23 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

9. Que non incorro en causa de incompatibilidade segundo a Lei 53/1984, de 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas.

10. Que non realizarei actuacións que conculquen os artigos 25 e seguintes da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á información pública e Bo Goberno, en relación co artigo 8.1 do mesmo corpo legal e o artigo 75 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

11. Que non me atopo incurso en causa de incompatibilidade ou conflito de intereses, segundo o disposto nos artigos 39 e 43 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de Transparencia e Bo Goberno de Galicia.

Vigo, ____ de ____ de 202__



CONCELLO DE VIGO

XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO
SECRETARÍA

E para que conste, para os efectos oportunos, expido a presente de orde e co visto e praxe da sra. vicepresidenta da Xerencia de Urbanismo, coa salvedade indicada no artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (RD.2568/1986), en Vigo no día da sinatura dixital.

tt/

Vº e Pº.

A vicepresidenta da XMU

María José Caride Estévez

Anexo III

Certificado del acuerdo de la Junta de Gobierno Local en sesión ordinaria de 10 de diciembre de 2021. Instrucción 1/2021 sobre los contratos menores en el Ayuntamiento de Vigo, sus organismos autónomos y entidades del sector público municipal



Concello de Vigo

D^a. YOLANDA AGUIAR CASTRO, CONCELEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VIGO

C E R T I F I C O: Que a Xunta de Goberno Local, na **sesión ordinaria do 10 de decembro de 2021**, adoptou o seguinte acordo:

6.- PROPOSTA DE APROBACIÓN DA INSTRUCIÓN 1/2021 SOBRE OS CONTRATOS MENORES NO CONCELLO DE VIGO, OS SEUS ORGANISMOS AUTÓNOMOS E ENTIDADES DO SECTOR PÚBLICO MUNICIPAL. EXPTE. 102791/140.

Dáse conta do informe-proposta do 01/12/2021, asinado polo interventor xeral e pola concelleira-delegada de Contratación, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

O Concello de Vigo ten unha extensa traxectoria na implantación e desenvolvemento de políticas públicas en transparencia e integridade. Mostra de ilo é a súa integración na “Red de Entidades Locales por la Transparencia y Participación Ciudadana” da Federación Española de Municipios y Provincias, acordada polo Pleno da Corporación en sesión ordinaria de data 30 de marzo de 2015 e a súa adhesión ó Código de Bo Goberno Local da FEMP por acordo plenario de data 30 de novembro do mesmo ano.

En data 22 de novembro de 2018 a Xunta de Goberno Local (en adiante XGL), acordou poñer en marcha os traballos para a elaboración do Plan de Integridade na Contratación e constituír un Comité Técnico, formado polo persoal responsable de Contratación, Administración Electrónica, Oficina Contable e Orzamentaria; Secretaría de Goberno Local, Intervención e Asesoría Xurídica, seguindo coa traxectoria municipal en desenvolvemento e implantación das políticas públicas en materia de transparencia e bo goberno.

O Plan de Integridade aprobouse pola Xunta de Goberno Local en data 12 de decembro de 2019, que acordou:

Primeiro.- Aprobar o “Plan de Integridade na Contratación. Marco Estratéxico”, de conformidade coa proposta elaborada polo Comité Técnico do Plan de Integridade na Contratación Pública, nas liñas establecidas pola Concellería Delegada de Contratación.

Segundo.- Delegar na Concellería Delegada de Contratación o desenvolvemento operativo do Plan e a súa implementación, para o que, contará co apoio técnico do “Comité Técnico de Integridade na Contratación”, así como do conxunto da estrutura municipal de goberno e das áreas e dos servizos municipais.

Terceiro.- Encomendar ao Comité Técnico do Plan o apoio técnico á Concellería Delegada de Contratación na execución do Plan, labor para a que contará coa colaboración do conxunto das áreas e servizos municipais.

Cuarto.- Publicar o presente acordo no Portal de Transparencia Municipal de conformidade coa LTBG, no Perfil do Contratante e na Intranet municipal, dando conta do mesmo aos



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/12/2021 10:21	Páxina 1 de 21
102791-140	CSV: A4AAAC-B4C7A2-A4EBA9-WGESPP-7YU3VU-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

membros do Goberno municipal e ás Xefaturas de Área e de Servizo para a difusión no conxunto da organización.

Aprobado o Plan, mediante Resolución da Concellería-Delegada de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal, de data 17 de decembro de 2019 procedeuse á aprobación do desenvolvemento operativo do mesmo.

O Marco Estratéxico do Plan de Integridade da Contratación (PIC), aprobado por acordo da Xunta do Goberno local do 12/12/2019 inclúe dentro da súa liña estratéxica, 3: "Racionalizar e reforzar a integridade Nos procesos", o obxectivo estratéxico 3.2. "Facilitar os Procedementos". En desenvolvemento deste obxectivo estratéxico, o Plan operativo do PIC aprobado por Resolución da Concelleira delegada de Contratación, Patrimonio e Xestión municipal o 17/12/2019, inclúe o Obxectivo Operativo 3.2.1. "Construír unha Instrución Xeral de Contratación". Dentro das Accións, contempla no apartado c) "depurar e actualizar as actuais Instrucións", no marco da que se levaron a cabo os traballos para a elaboración dunha Instrución do contrato menor, designando instrutor do dito expediente ao Interventor Municipal, de conformidade co dito Plan, sen prexuízo do apoio do equipo determinado na ficha correspondente. Neste sentido, respecto do contrato menor, existía unha interpretación de carácter transitorio da que tomou coñecemento pola Xunta do Goberno local en sesión de 27/9/2018 (exp. 102677/140), previa aos cambios normativos posteriores á vista da primeira redacción do art. 118 da Lei 9/2007, do 8 de novembro e da que procede a súa actualización.

Tras da elaboración da Instrución do contrato menor, nun proceso interno participativo aberto ao conxunto da organización municipal) e revisión da mesma por parte do Comité Técnico do Plan de Integridade na Contratación, seguindo a traxectoria municipal na definición das políticas públicas en materia de integridade e bo goberno, así como o conxunto das consideracións xurídicas, referencias internacionais e doutrina autorizada, acordouse prestar conformidade á mesma, e proceder á proposta de aprobación.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

I

A existencia do contrato menor radica no propósito de dotar de maior axilidade a contratación e cubrir de forma inmediata as necesidades de escasa contía que en cada caso resulten necesarias. Por iso, o contrato menor gozou –ata a entrada en vigor da nova Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público– do non sometemento a moitos dos principios xerais da contratación: A publicidade da licitación e a libre concorrncia entre os licitadores.

Mentres que a anterior regulación contida no artigo 111 do texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, apenas esixía documentación para a tramitación do expediente, a actual regulación do ano 2017 incrementa non só a cantidade de documentación que ha de figurar no expediente dun contrato menor, senón o alcance dos mesmos, en canto ás responsabilidades que subxacen deles para os órganos de contratación e os seus xestores. Deste xeito, a LCSP do ano 2017 incorpora no seu artigo 118 a esixencia dun informe do órgano de contratación motivando a necesidade do contrato e a xustificación no expediente da non alteración do obxecto do contrato para evitar a aplicación das regras xerais de contratación.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/12/2021 10:21	Páxina 2 de 21
102791-140	CSV: A4AAAC-B4C7A2-A4EBA9-WGESPP-7YU3VU-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Por outra parte pola disposición final 1.1 do Real Decreto-lei 3/2020, de 4 de febreiro (BOE do 5 de febreiro de 2020), dáse nova redacción ao artigo 118 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, que queda redactado como segue:

«Artigo 118. Expediente de contratación en contratos menores.

1. *Considéranse contratos menores os contratos de valor estimado inferior a 40.000 euros, cando se trate de contratos de obras, ou a 15.000 euros, cando se trate de contratos de subministración ou de servizos, sen prexuízo do disposto no artigo 229 en relación coas obras, servizos e subministracións centralizados no ámbito estatal.*

2. *Nos contratos menores a tramitación do expediente esixirá a emisión dun informe do órgano de contratación xustificando de maneira motivada a necesidade do contrato e que non se está alterando o seu obxecto co fin de evitar a aplicación dos límites descritos no apartado anterior.*

3. *Así mesmo requirirase a aprobación do gasto e a incorporación ao mesmo da factura correspondente, que deberá reunir os requisitos que as normas de desenvolvemento desta Lei establezan.*

4. *No contrato menor de obras, deberá engadirse, ademais, o orzamento das obras, sen prexuízo de que deba existir o correspondente proxecto cando sexa requirido polas disposicións vixentes. Deberá igualmente solicitarse o informe das oficinas ou unidades de supervisión a que se refire o artigo 235 cando o traballo afecte á estabilidade, seguridade ou estanquidade da obra.*

5. *O disposto no apartado 2.º deste artigo non será de aplicación naqueles contratos cuxo pago se verifique a través do sistema de anticipos de caixa fixa ou outro similar para realizar pagos menores, a condición de que o valor estimado do contrato non exceda de 5.000 euros.*

6. *Os contratos menores publicaranse na forma prevista no artigo 63.4.»*

A pesar do xiro legislativo que supuxo a nova regulación do contrato menor na LCSP 2017, as dúbidas que provocou a aplicación do artigo 118 antes citado deu lugar con frecuencia a unha certa confusión e inseguridade xurídica tanto aos xestores como aos licitadores. A relevancia das controversias creadas móstrase en que desde os numerosos órganos consultivos existentes no noso país emitíronse diferentes interpretacións da norma nas que se tratan de dar pautas para utilizar de maneira máis racional este tipo de procedemento que, aínda que gozan dunha certa uniformidade, o certo é que en ocasións existen notables diferenzas en cuestións relevantes, o que contribúe a acentuar esa situación de incerteza á hora de interpretar e aplicar o precepto.

Neste senso a Instrución 1/2019, de 28 de febreiro de 2019, ditada pola Oficina Independiente de Regulación e Supervisión da Contratación (OIReScon), considera necesario solicitar tres presupostos e, no seu defecto, a xustificación de por qué non se solicitan ditos presupostos na contratación menor. Con todo, dita instrución, segundo informe do Consello Consultivo de Valencia número 211/2021, é vinculante para o sector público estatal pero non así para o sector público local. Neste sentido, tamén a STC de 18 de marzo de 2021, ditada no recurso nº 4261/2018 di que “ ... a Oficina ejerce un amplio abanico de funciones de coordinación y supervisión del conjunto del sector público de contratación (apdo. 6). En el ejercicio de algunas de ellas, como ocurre con el diseño y ejecución de la Estrategia Nacional de Contratación Pública, se invoca expresamente la coordinación con las comunidades autónomas y entidades locales [apdo.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/12/2021 10:21	Páxina 3 de 21
102791-140	CSV: A4AAAC-B4C7A2-A4EBA9-WGESPP-7YU3VU-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

7 a)]; y, en otras, se limitan sus efectos de forma exclusiva al sector público estatal, como sucede con el carácter obligatorio de las instrucciones de la Oficina [apdo. 7 d)].”

Así mesmo, a Xunta Consultiva de Contratación en informe 8/2020 considera o contrato menor como un suposto de adjudicación directa se ben recomenda “velar por la promoción de la máxima concurrencia en función de las circunstancias”.

En consecuencia, considérase oportuno someter á aprobación do órgano competente do Concello de Vigo unha instrución que sirva de guía aos diferentes servizos xestores de contratos menores, tratando de clarificar e unificar aqueles aspectos respecto dos cales a Lei non resulta o suficientemente precisa, á vez que se posibilite e fomente a súa publicidade e transparencia.

II

Así, en primeiro lugar defínese toda a documentación que debe de conformar o expediente de contratación do contrato menor, incluíndo a documentación específica propia dos contratos menores de obras e de servizos esixida na LCSP. Incorporárase neste apartado a obrigación de incorporar ao expediente unha declaración de ausencia de conflito de intereses conforme ao modelo aprobado polo órgano de contratación, asinada polo funcionario/a propoñente e polo/a concelleiro/a delegado/a correspondente, como instrumento para avanzar na integridade na contratación.

Introdúcese no expediente o trámite de emisión de informe xurídico conforme ao sinalado pola Xunta Consultiva de Contratación en expediente 21/21, no que conclúe que a disposición adicional terceira 8 da LCSP esixe o informe xurídico do Secretario da Entidade Local, antes da aprobación dos expedientes de contratación, tamén nos casos dos contratos menores. Neste senso cabe sinalar que se ben o propio artigo 118 da LCSP relativo ao expediente de contratación en contratos menores non esixe a emisión de dito informe, e que o mesmo podería supoñer un atraso na tramitación deste tipo de contratos caracterizados pola súa axilidade a brevidade en atención a escasa contía dos mesmos, a Xunta Consultiva de Contratación en dito informe, e como órgano específico de regulación e consulta en materia de contratación pública do sector público estatal que ostenta, entre outras, facultades de propoñer e, e no seu caso, adoptar no ámbito da súa competencia, as normas, instrucións e medidas xerais que considere necesarias en relación coa contratación administrativa, dispón “*Todo ello debe levarnos a entender que la LCSP pretende que la contratación de las Entidades Locales tenga algunas peculiaridades en su tramitación y que una de ellas es que en todos los contratos ha de constar el informe del Secretario. Esta circunstancia se aprecia también en el caso de los contratos menores que realicen las Entidades Locales. La cautela que la norma establece para garantizar la presencia de un informe jurídico previo a la aprobación del expediente no puede orillarse en el caso de los contratos menores de modo que, aunque el artículo 118 de la LCSP no mencione expresamente este informe, no cabe duda de que la voluntad de la ley es que cuando contrate una entidad local el Secretario se pronuncie también sobre la corrección del expediente.*”

Esta Junta Consultiva es plenamente consciente de que en los contratos menores la tramitación ha de ser muy rápida, pero lo cierto es que, por razón de su escasa cuantía, la emisión de cualquier informe, sea el de necesidad del contrato, el de respeto a la integridad del objeto, o el del Secretario sobre el expediente, no deberían tener una especial complejidad ni retrasar en modo alguno la tramitación del procedimiento.”



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/12/2021 10:21	Páxina 4 de 21
102791-140	CSV: A4AAAC-B4C7A2-A4EBA9-WGESPP-7YU3VU-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Concello de Vigo

Por outra banda, aínda que a Xunta Consultiva non o menciona, consonte á disposición adicional terceira, apartado 8, da Lei 9/2017 de 8 de novembro de Contratos do Sector público, ao tratarse dun Concello de Gran Poboación, a emisión do informe xurídico previo competaría á Asesoría xurídica.

Polo exposto, en aras de garantía da seguridade xurídica na tramitación do expediente de contrato menor incorpórase o trámite de específico de emisión de informe xurídico, se ben, por razóns e axilidade se propón delegar a súa realización con carácter xeral nas concellerías delegadas a través das persoas empregadas públicos con formación xurídica/técnicos de administración xeral cos que contén ou que teñan asignados cada un dos servizos. No caso de que coincida a mesma persoa no posto da xefatura poderá ser o mesmo trámite de informe xurídico con proposta de resolución. Esta delegación está regulada nos artigo 9 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do Sector Público, constando a conformidade tanto da Secretaria de Goberno local como da Titular da Asesoría Xurídica ao formar parte integrante do Comité Técnico do Plan de Integridade que, na súa sesión de data de 1/12/201, presta conformidade á presente proposta de Instrución.

III

En segundo lugar determínanse os diferentes procedementos que poden realizarse para a adxudicación dun contrato menor, establecendo como regra xeral a necesidade de solicitar oferta a tres empresas que poidan executar ou contrato co obxecto de fomentar a competencia e poder obter mellores condicións económicas, prevéndose tamén a posibilidade de publicar a licitación no perfil do contratante, con carácter potestativo, para o servizo xestor.

Con todo, establécese a posibilidade de recorrer á adxudicación directa do contrato menor para aqueles contratos de obras de valor estimado igual ou inferior a 15.000,00€, ou 6.000,00€ para os restantes tipos de contratos

Así, as diferentes entidades do Sector Público que aprobaron Instrucións para clarexar e unificar os criterios a ter en conta na tramitación dos contratos menores, veñen establecendo, por razóns de eficacia e celeridade administrativa, diferentes importes á hora de establecer a obrigaón de solicitar 3 presupostos, dende os 3.000,00€ no caso dos Concellos de Madrid ou Córdoba, ata os 30.000,00€ nos contratos de obras no caso da Deputación de Huesca, polo que os importes previstos poden considerarse axeitados ao situarse no 37,5% e no 40%, respectivamente, do importe límite establecido para a contratación menor. Con todo, dito importe poderá ser revisado en calquera momento se a experiencia ou as circunstancias así o aconsellan.

Tamén se establece que non será necesaria a consulta a tres empresas nunha serie de supostos enumerados de forma taxativa no apartado segundo da Instrución, e que deben de xustificarse adecuadamente no expediente. Así, poderá recorrerse á adxudicación directa cando existan a razóns técnicas, artísticas ou pola necesidade de protexer dereitos exclusivos ou cando xustifiquese a necesidade de executar a prestación de que se trate de forma inmediata.

IV

En terceiro lugar prevense as especialidades na contratación do acceso a bases de datos e a subscricións a publicacións e, en congruencia co disposto nos artigos 219 do R.D. Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e 17 do Real Decreto 424/2017, do 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/12/2021 10:21	Páxina 5 de 21
102791-140	CSV: A4AAAC-B4C7A2-A4EBA9-WGESPP-7YU3VU-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

control interno nas entidades do Sector Público Local, a Instrución prevé que os contratos menores non están sometidos a fiscalización previa, aínda que poderán ser obxecto de control financeiro mediante o exercicio do control permanente no caso de que tal actuación fora seleccionada para a súa inclusión no correspondente Plan Anual de Control Financeiro.

V

Finalmente, introdúcese a posibilidade de realizar unha aplicación transitoria da instrución permitíndose a utilización do contrato menor en determinados supostos unicamente cando xustifíquese a tramitación doutro procedemento de contratación diferente ao contrato menor para a satisfacción posterior destas necesidades.

Para garantir a homoxeneidade e facilitar a tramitación polos diferentes servizos xestores, establécense Anexos con modelos de memoria xustificativa, solicitude de oferta, declaración responsable e oferta da ou do contratista, sen prexuízo das súa posterior modificación e actualización pola concellería delegada en materia de contratación.

Na tramitación da presente instrución deuse audiencia á totalidade dos servizos municipais para que fixeran as achegas que consideraran oportunas e foi sometida ao Comité Técnico Plan de Integridade en data 12.01.2021

PROPOSTA DE ACORDO

En consecuencia, tendo en conta o anterior, propoño á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación do Concello de Vigo (apartados 4 e 11 da disposición adicional segunda da LCSP), a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar a Instrución 1/2021 sobre os contratos menores no Concello de Vigo, os seus Organismos Autónomos e entidades do sector público municipal, que se incorpora como anexo ao presente acordo, en cumprimento do disposto no Plan de Integridade da Contratación (PIC), aprobado por acordo da Xunta do Goberno local do 12/12/2019, Liña estratéxica, 3: "Racionalizar e reforzar a integridade Nos procesos", contempla o obxectivo estratéxico 3.2. "Facilitar os Procedementos", Obxectivo Operativo 3.2.1. "Construír unha Instrución Xeral de Contratación".

Segundo.- Deixar sin efecto a interpretación de carácter transitorio para a aplicación do artigo 118 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, da que tomou coñecemento a Xunta do Goberno local en sesión de 27/9/2018 (exp. 102677/140).

Terceiro.- O presente acordo producirá efectos desde o día 1 de xaneiro de 2022, sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da provincia de Pontevedra e no Portal de Transparencia Municipal.

Cuarto.- A presente Instrución, desde a súa entrada en vigor, deixa sen efecto as anteriores Instrucións sobre os contratos menores no Concello de Vigo, os seus organismos autónomos e entidades do sector público municipal, aprobadas con anterioridade.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/12/2021 10:21	Páxina 6 de 21
102791-140	CSV: A4AAAC-B4C7A2-A4EBA9-WGESPP-7YU3VU-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



INSTRUCCIÓN 1/2021 SOBRE A TRAMITACIÓN DOS CONTRATOS MENORES

A existencia do contrato menor radica no propósito de dotar de maior axilidade a contratación e cubrir de forma inmediata as necesidades de escasa contía que en cada caso resulten necesarias. Por iso, o contrato menor gozou –ata a entrada en vigor da nova Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público– do non sometemento a moitos dos principios xerais da contratación: A publicidade da licitación e a libre concorrència entre os licitadores.

Mentres que na anterior regulación o artigo 111 do texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, apenas esixía documentación para a tramitación do expediente, a actual regulación do ano 2017 incrementa non só a cantidade de documentación que ha de figurar no expediente dun contrato menor, senón o alcance dos mesmos, en canto ás responsabilidades que subxacen deles para os órganos de contratación e os seus xestores.

Por outra parte pola disposición final 1.1 do Real Decreto-lei 3/2020, de 4 de febreiro (BOE do 5 de febreiro de 2020), dáse nova redacción ao artigo 118 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, que queda redactado como segue:

«Artigo 118. Expediente de contratación en contratos menores.

- 1. Considéranse contratos menores os contratos de valor estimado inferior a 40.000 euros, cando se trate de contratos de obras, ou a 15.000 euros, cando se trate de contratos de subministración ou de servizos, sen prexuízo do disposto no artigo 229 en relación coas obras, servizos e subministracións centralizados no ámbito estatal.*
- 2. Nos contratos menores a tramitación do expediente esixirá a emisión dun informe do órgano de contratación xustificando de maneira motivada a necesidade do contrato e que non se está alterando o seu obxecto co fin de evitar a aplicación dos limiares descritos no apartado anterior.*
- 3. Así mesmo requirirase a aprobación do gasto e a incorporación ao mesmo da factura correspondente, que deberá reunir os requisitos que as normas de desenvolvemento desta Lei establezan.*
- 4. No contrato menor de obras, deberá engadirse, ademais, o orzamento das obras, sen prexuízo de que deba existir o correspondente proxecto cando sexa requirido polas disposicións vixentes. Deberá igualmente solicitarse o informe das oficinas ou unidades de supervisión a que se refire o artigo 235 cando o traballo afecte á estabilidade, seguridade ou estanquidade da obra.*
- 5. O disposto no apartado 2.º deste artigo non será de aplicación naqueles contratos cuxo pago se verifique a través do sistema de anticipos de caixa fixa ou outro similar para realizar pagos menores, a condición de que o valor estimado do contrato non exceda de 5.000 euros.*
- 6. Os contratos menores publicaranse na forma prevista no artigo 63.4.»*

En consecuencia, considérase oportuno someter á aprobación do órgano competente a seguinte instrución:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/12/2021 10:21	Páxina 7 de 21
102791-140	CSV: A4AAAC-B4C7A2-A4EBA9-WGESPP-7YU3VU-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Instrucción sobre a tramitación dos contratos menores.

1.- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO CONTRATO MENOR.

A tramitación de todos os contratos menores esixirá a incorporación no expediente da documentación seguinte:

- a) Unha memoria elaborada polo servizo promotor do contrato conforme ao modelo que se achega como **Anexo I**, asinada polo órgano de contratación competente, xustificando de maneira motivada, entre outros extremos, a necesidade do contrato e que non se está alterando o seu obxecto co fin de evitar a aplicación dos limiares descritos no apartado 1º do artigo 118 da LCSP (na actualidade 40.000 euros, cando se trate de contratos de obras, ou 15.000 euros, cando se trate de contratos de subministración ou de servizos).

Nesta memoria xustificarse, ademais, que o contrato menor non se utiliza para atender necesidades periódicas ou recorrentes da Administración, que, pola súa contía, poderían satisfacerse mediante outros procedementos de contratación se a necesaria planificación fose adecuada. Neste sentido considérase que non procede a tramitación de sucesivos contratos menores para a adquisición de bens ou servizos que se requiren repetidamente, por responder a necesidades de carácter recorrente, periódico ou permanente da Administración, cando o valor estimado dos contratos sucesivos, en cómputo anual, sexa superior a 3.000,00 euros seguindo a doutrina da Xunta Consultiva de Contratación Administrativa de Cataluña, no seu informe 14/2014 *“la suscripción de diversos contratos menores que podrían conformar el objeto de un único contrato no implicaría un supuesto de fraccionamiento irregular, si la misma adquisición mediante un único contrato también hubiera podido llevarse a cabo recurriendo a la suscripción de un contrato menor”*. A estes efectos, terase en conta o valor estimado total dos contratos sucesivos similares adjudicados durante o exercicio precedente ou durante os doce meses previos, se este fose superior.

- b) Declaración responsable do contratista (anexo II) na que poña de manifesto que o asinante ostenta a representación da entidade, que a entidade ten capacidade de obrar e contratar e conta coa habilitación profesional necesaria para realizar a prestación, que non está incurso en prohibicións para contratar, do cumprimento das as obrigacións establecidas nas disposicións vixentes en materia de protección do emprego, igualdade de xénero, condicións de traballo e prevención de riscos laborais dos seguintes principios éticos e de conduta:

1. Cumprir cos principios éticos, e no seu caso, o código deontolóxico, da súa profesión ou oficio.
2. Deberán ter unha conduta eticamente exemplar, absténdose de fomentar, propoñer ou promover calquera práctica eticamente reprochable. De ter coñecemento de prácticas deste tipo deberán poñelo inmediatamente en coñecemento do órgano de contratación.
3. Comprometeranse a que a súa participación no procedemento sexa competitiva, e absteranse de realizar prácticas colusorias que impidan a libre competencia concertándose para iso con outros licitadores. De ter coñecemento de prácticas deste tipo, deberá poñelo inmediatamente en coñecemento do órgano de contratación.
4. Comunicarán inmediatamente ao órgano de contratación as posibles situacións de conflito de intereses que lles afecten, ou que poidan afectar a outros licitadores.



Copia do documento - Cello de Vigo	Data impresión: 13/12/2021 10:21	Páxina 8 de 21
102791-140	CSV: A4AAAC-B4C7A2-A4EBA9-WGESPP-7YU3VU-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



- 5. Denunciar ao órgano de contratación as situacións irregulares que se produzan nos procesos de licitación e execución dos contratos
- 6. Non solicitarán, nin directa nin indirectamente, aos cargos ou empregados públicos do Concello que inflúan na licitación, adxudicación ou execución do contrato.
- 7. Non ofrecerán nin directa nin indirectamente aos cargos ou empregados públicos do Concello que inflúan na licitación, adxudicación ou execución do contrato, vantaxes ou beneficios persoais ou materiais.
- 8. O contratista deberá respectar o carácter confidencial daquela información á que teña acceso con ocasión da execución do contrato á que se lle deu o referido carácter nos pregos ou no contrato, ou que pola súa propia natureza deba ser tratada como tal. Este deber manterase durante un prazo de cinco anos desde o coñecemento desa información, agás que os pregos ou o contrato establezan un prazo maior.

O incumprimento do código ético durante o procedemento de licitación, suporá a exclusión da oferta do licitador. Se o incumprimento se producise durante a execución do contrato, será causa de resolución por causa imputable ao contratista. En ambos casos será necesaria a substanciación do correspondente procedemento contraditorio.

- c) Certificado de existencia de crédito, ou documento equivalente asinado polo servizo de contabilidade.
- d) Declaración de ausencia de conflito de intereses conforme ao modelo aprobado polo órgano de contratación, asinada polo funcionario/a propoñente e polo/a concelleiro/a delegado/a correspondente. Esta declaración poderá integrarse no informe-proposta.
- e) Informe-proposta asinado polo servizo xestor conforme ao modelo que se achega como **Anexo IV**, e resolución pola que se adxudica o contrato e se aproba o gasto polo órgano competente. Na actualidade, as competencias para a tramitación dos contratos menores corresponden aos concelleiros delegados de Área, por delegación da Xunta de Goberno Local (acordo da XGL adoptado na sesión do 20/06/2019).
- f) Informe xurídico asinado por empregado/a público/a con formación xurídica/técnicos de administración xeral de cada servizo.
- g) Unha vez realizada a prestación, a factura correspondente de acordo co previsto no Real Decreto polo que se regulan as obrigacións de facturación e, no seu caso, na normativa sobre factura electrónica, debidamente dilixenciada de conformidade polo servizo xestor.
- h) De ser o caso, as autorizacións ou informes preceptivos que procedan conforme ao disposto na lexislación sectorial aplicable, así como os plans de prevencións e de seguridade que sexan precisos conforme á lexislación e Guía de Coordinación de Actividades Empresariais do Concello de Vigo, aprobada por acordo do Pleno de data 29 de novembro de 2010 e publicada no BOP do 29 de marzo de 2011.

No contrato menor de servizos, ademais:

- i) Un informe de insuficiencia de medios asinado polo/a xefe/a da área ou servizo xestor. Este informe achegarase integrado na memoria xustificativa do contrato.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/12/2021 10:21	Páxina 9 de 21
102791-140	CSV: A4AAAC-B4C7A2-A4EBA9-WGESPP-7YU3VU-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

No contrato menor de obras, deberá engadirse, ademais:

- j) O orzamento das obras, en todo caso.
- k) O correspondente proxecto cando sexa requirido polas disposicións vixentes, así como informe urbanístico e autorizacións sectoriais se proceden conforme á lexislación urbanística.
- l) O informe das oficinas ou unidades de supervisión, cando os traballos afecte á estabilidade, seguridade ou estanquidade da obra, ou pronunciamiento expreso de que as obras do proxecto non afectan á estabilidade, seguridade ou estanquidade da obra.

Os informes relacionados nos puntos 5 e 6, en aras da simplificación administrativa, poderán unificarse nun único documento mediante a emisión dun informe xurídico con proposta de resolución

2.- PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN.

Os contratos menores adxudicaranse a calquera empresario con capacidade de obrar e que conte coa habilitación profesional necesaria para realizar a prestación contractual, de conformidade co artigo 131.3 LCSP.

Xunto coa/s oferta/s, os licitadores deberán achegar orzamentos debidamente desagregados indicando cada unha das partidas que o integran.

As proposicións dos licitadores deberán ser, en todo caso, iguais ou inferiores ao orzamento base de licitación. En caso contrario, serán excluídas. En todo caso, a adxudicación recaerá na empresa que presente a mellor oferta.

Os contratos menores publicaranse, polo menos trimestralmente, no perfil do contratante, e ademais cumpriranse as prevencións establecidas na normativa sobre transparencia.

2.1.- Procedemento no que se solicitará, polo menos, tres ofertas.

- e) Declaración responsable sobre o compromiso de cumprimento dos principios transversais establecidos no PRTR e que puidesen afectar á zona obxecto de xestión (modelo anexo IV.C).
- f) Os contratistas acreditarán a inscrición no Censo de empresarios, profesionais e reitores da Axencia Estatal de Administración Tributaria ou no Censo equivalente da Administración Tributaria Foral, que deberá reflectir a actividade efectivamente desenvolvida na data de participación no procedemento de Licitación.

g) **Comunicación.**

As actuacións de comunicación relacionadas coa execución do Plan incorporarán o logotipo oficial do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia de España, nos termos que lle comunique a Autoridade Responsable.

Para o adecuado cumprimento do disposto no artigo 10 do Convenio de Financiamento, en todos os proxectos e subproxectos que se desenvolvan en execución do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, o emblema da UE deberá figurar de forma correcta e destacada cunha declaración de financiamento adecuado que di (traducido aos idiomas locais cando proceda) "financiado pola Unión Europea - NextGenerationEU", xunto co logotipo do PRTR, dispoñible na ligazón <https://planderecuperacion.gob.es/identidad-visual>. Do mesmo xeito, todas as convocatorias, pregos, convenios e demais instrumentos xurídicos que se desenvolvan neste ámbito deberán conter tanto no seu epígrafe como no seu órgano de desenvolvemento a seguinte referencia «Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia - Financiado pola Unión Europea. - NextGenerationEU».

Se debe garantir que os destinatarios finais do financiamento da Unión no marco do MRR recoñezan a orixe e garantan a visibilidade do financiamento da Unión.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/02/2022 12:16	Páxina 5 de 11
Expediente/Documento 1185-441	CSV: ABAFAB-464356-B3CDDH-6UNUTM-8JSVLR-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 02/05/2022 08:25	Páxina 86 de 364
Expediente/Documento 1185-441	CSV: AFA3A8-C7CE56-E5A5DE-L1YGR9-AK6LKA-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



- “Subvencións para a transformación dixital e modernización das Administracións das Entidades Locais, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia”
- Plan de rehabilitación de edificios de titularidade pública.

Así mesmo en relación as necesidades organizativas vinculadas o desenvolvemento das actuacións descritas anteriormente a Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 18 de novembro de 2021, entre outros asunto aprobou o expediente 1058/441 “PROGRAMA DE XESTIÓN DAS AXUDAS DO PROGRAMA NEXT GENERATION UE», que se concreta na declaración de urxencia do nomeamento dos funcionarios interinos para a execución do devandito programa: 4 Enxeñeiros/as de Camiños, Canais e Portos, 3 Enxeñeiros/as Industriais, 2 Técnicos/as de Sistemas, 3 Técnico/as de Administración Xeral, 2 Técnicos/as de xestión de programas europeos, 2 auxiliares administrativos, por execución de programa de carácter temporal, ao abeiro do exposto no artigo 10.1.c) do TREBEP.

O persoal descrito adscribirase orgánica e funcionalmente ao Servizo Administrativo e Control Orzamentario da Área de Fomento sen prexuízo do desenvolvemento das súas funcións nos diferentes servizos xestores municipais ao tratarse dun programa de carácter transversal.

A vista do inicio do proceso de selección do persoal que conforma dito programa, considerase necesario desenvolver un “PROGRAMA MUNICIPAL DE COORDINACIÓN, PLANIFICACIÓN, SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN DOS PROXECTOS FINANCIADOS CON FONDOS DO PRTR”, e poder desenvolver as medidas que regula a Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, pola que se configura o sistema de xestión do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia para as entidades “xestoras” de Proxectos financiados con fondos procedentes do PRTR.

Por todo o exposto o Concello de Vigo ten desenvolto todos os procesos necesarios para optimizar a capacidade de xestión de fondos ao PRTR, polo cal soamente resta desenvolver unha proposta organizativa interna de coordinación e planificación que ademais posibilite unha adecuada capacidade de seguimento e execución dos proxectos.

II.a.- PROGRAMA MUNICIPAL DE COORDINACIÓN, PLANIFICACIÓN, SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN DOS PROXECTOS FINANCIADOS CON FONDOS DO PLAN DE RECUPERACIÓN TRANSFORMACIÓN Y RESILENCIA - PROGRAMA NEXT GENERATION UE -

A vista das actuación xa iniciadas en relación a execución de proxectos do PLAN DE RECUPERACIÓN TRANSFORMACIÓN Y RESILENCIA - PROGRAMA NEXT GENERATION UE -, e atendendo que o volume principal das actuacións están relacionadas con proxectos de inversións de obras, dito programa municipal deberá estar integrado na AREA DE FOMENTO Y SERVICIOS.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/02/2022 12:16	Páxina 7 de 11
Expediente/Documento 1185-441	CSV: ABAFAB-464356-B3CDDH-6UNUTM-8JSVLR-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 02/05/2022 08:25	Páxina 88 de 364
Expediente/Documento 1185-441	CSV: AFA3A8-C7CE56-E5A5DE-L1YGR9-AK6LKA-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Coa identificación da integración na Area de Fomento, ven a determinarse a competencia do Concelleiro Delegado da Area de Fomento como responsable da coordinación xeral desta unidade técnica de xestión, tendo como obxecto principal a de planificación das diversas actuacións que sexan susceptibles de ser financiadas con fondos do PRTR, establecendo as pautas de colaboración coas areas ou servizos municipais que teñan responsabilidades directas nos obxectos das diversas convocatorias que se desenvolvan no marco do PRTR. Así mesmo se desenvolverán todas as medidas necesarias para desenvolver un proceso de formación continua dirixida as distintas areas de xestión do Concello de Vigo en aquelas materias de especial relevancia para mellorar a capacidade de xestión y desenvolvemento das tarefas vinculadas a execución do Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia.

Este "Programa municipal de coordinación, planificación, seguimento e avaliación dos proxectos financiados con fondos do PRTR", determinará directrices de xestión e coordinación co obxectivo de acadar sinerxías entre os distintos servizos municipais, favorecendo a conformación de equipos multidisciplinares entre os diversos técnicos municipais, co obxectivo de impulsar a execución dos proxectos vinculados as distintas convocatorias do PRTR.

Para unha adecuada coordinación e desenvolvemento dos traballos e necesario definir o seguinte organigrama:

Concellería municipal responsable: Segundo Tenente de Alcalde e Concelleiro de Fomento e Servizos.

Conformación dun equipo para a desenvolvemento do Programa Municipal para os proxectos financiados cos Fondos do PRTR, estará conformada por unha coordinación técnica responsable do programa, por un comité técnico do Programa, por un comité de autoavaliación e por un equipo técnico de xestión.

a.- **Coordinación técnica do Programa Municipal para os proxectos financiados con fondos do PRTR:** Atendendo a que a maioría das actuacións se atopan identificados no ámbito dos distintos investimentos do Concello de Vigo, dita coordinación se encomendará ao Xefe da area de investimentos. Para a execución desta función, ademais de desenvolver todas as funcións inherentes a coordinación, planificación e seguimento, poderá propoñer ao Concelleiro delegado da Area de Fomento, na súa condición de responsable do desenvolvemento operativo do Programa, cantas resolucións operativas sexan necesarias para o a correcta execución do plan.

b.- **Comité técnico de Programa Municipal Fondos PRTR:**

Para a realización do traballo de planificación, seguimento e avaliación establece un "comité técnico" composto por:

- o O xefe do servizo xurídico da área de Servizos Xerais, ou persoa da súa area na quen delegue.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/02/2022 12:16	Páxina 8 de 11
Expediente/Documento 1185-441	CSV: ABAFAB-464356-B3CDDH-6UNUTM-8JSVLR-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 02/05/2022 08:25	Páxina 89 de 364
Expediente/Documento 1185-441	CSV: AFA3A8-C7CE56-E5A5DE-L1YGR9-AK6LKA-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Concello de Vigo

- o Xefe administrativo e control orzamentario da Area de Fomento ou persoa da súa area na quen delegue.
- o Xefe de servizo de servizo de vías e obras ou un enxeñeiro/a da Area de Fomento.
- o Xefe do servizo de administración electrónica, ou persoa da súa area na quen delegue.
- o Xefe do servizo de medioambiente, ou persoa da súa area na quen delegue.
- o Xefa do Servizo de contratación, ou persoa da súa area na quen delegue.
- o Xefe/a do servizo vinculado directamente a convocatoria ou proxecto a desenvolver.
- o Técnico/a de xestión da area de fomento.

En función das materias a tratar, se fose necesario, o Comité solicitará a asesoramento dos responsables da Dirección Orzamentaria, Secretaria de administración local, Asesoría Xurídica e da Intervención Xeral.

c.- Comité de auto avaliación para os procesos regulados pola Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro:

Tendo en conta as obrigas reguladas pola Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, propónse a seguinte composición:

- o Membros do Comité de Integridade Contractual do Concello de Vigo de acordo coa conformación aprobada no punto cuarto do acordo da Xunta de Goberno Local de data 13 de xaneiro de 2022 no marco do expediente 6696/241.

Ademais formarán parte do mesmo en base ao alcance da autoavaliación os seguintes membros:

- o O responsable da coordinación técnica do Programa Municipal para os Fondos PRTR ou técnico/a de xestión da area de Fomento na quen delegue.
- o O xefe de servizo de servizo de Vías e obras ou un enxeñeiro/a da Area de Fomento
- o O xefe do Servizo de medioambiente, ou persoa da sua area na quen delegue.

d.- Area técnica de xestión:

Documento asinado



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/02/2022 12:16	Páxina 9 de 11
Expediente/Documento 1185-441	CSV: ABAFAB-464356-B3CDDH-6UNUTM-8JSVLR-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 02/05/2022 08:25	Páxina 90 de 364
Expediente/Documento 1185-441	CSV: AFA3A8-C7CE56-E5A5DE-L1YGR9-AK6LKA-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- o Estará conformado polo persoal designado ao efecto en relación os recursos integrados no PROGRAMA DE XESTIÓN DAS AXUDAS DO PROGRAMA NEXT GENERATION UE (expte 1058/441).

III.- PROPOSTA:

En base ó exposto, propónse á Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte acordo:

- Primeiro: Aprobar, para os efectos de garantir a realización das medidas que resulten precisas en relación a execución do proxectos vinculados os fondos do **PLAN DE RECUPERACIÓN TRANSFORMACIÓN Y RESILENCIA - PROGRAMA NEXT GENERATION UE**, a proposta organizativa que se conforma baixo o **PROGRAMA MUNICIPAL DE COORDINACIÓN, PLANIFICACIÓN, SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN DOS PROXECTOS FINANCIADOS CON FONDOS DO PRTR - PROGRAMA NEXT GENERATION UE**, de acordo a composición e funcións recollida no apartado II.a do informe proposta.
- Segundo: Delegar no Segundo Tenente de Alcalde e Concelleiro de Fomento e Servizos o a coordinación e desenvolvemento operativo da **PROGRAMA MUNICIPAL DE COORDINACIÓN, PLANIFICACIÓN, SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN DOS PROXECTOS FINANCIADOS CON FONDOS DO PRTR - PROGRAMA NEXT GENERATION UE**, para o que, contará co apoio técnico do "Comité técnico de coordinación e planificación" que se conforma dentro deste plan, así como do conxunto da estrutura municipal de goberno e das áreas e dos servizos municipais.
- Terceiro: Encomendar ao Comité de autoavaliación, que se conforma dentro do **PROGRAMA MUNICIPAL DE COORDINACIÓN, PLANIFICACIÓN, SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN DOS PROXECTOS FINANCIADOS CON FONDOS DO PRTR - PROGRAMA NEXT GENERATION UE**, o desenvolvemento dos procesos de autoavaliación regulados pola Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, pola que se establece o sistema de xestión do PRTR.
- Cuarto: Publicar o presente acordo no Portal de Transparencia Municipal de conformidade coa LTBG e na Intranet municipal, dando conta do mesmo aos membros do Goberno municipal e ás Xefaturas de Área e de Servizo para a difusión no conxunto da organización municipal.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/02/2022 12:16	Páxina 10 de 11
Expediente/Documento 1185-441	CSV: ABAFAB-464356-B3CDDH-6UNUTM-8JSVLR-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 02/05/2022 08:25	Páxina 91 de 364
Expediente/Documento 1185-441	CSV: AFA3A8-C7CE56-E5A5DE-L1YGR9-AK6LKA-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Concello de Vigo

E para que así conste e produza os seus efectos, emito a presente certificación coa salvedade do artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, de orde do Excmo. Alcalde, en Vigo na data da sinatura dixital.

SGF/me.

V. e Pr.
O ALCALDE,
Abel Caballero Álvarez.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 21/02/2022 12:16

Páxina 11 de 11

Expediente/Documento 1185-441

CSV: ABAFAB-464356-B3CDDH-6UNUTM-8JSVLR-F1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 02/05/2022 08:25

Páxina 92 de 364

Expediente/Documento 1185-441

CSV: AFA3A8-C7CE56-E5A5DE-L1YGR9-AK6LKA-F1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

Anexo VI

Certificado del acuerdo de la Junta de Gobierno Local, en sesión ordinaria de fecha 13 de enero de 2022, para la creación de un canal de alertas en materia de contratación.



D^a. YOLANDA AGUIAR CASTRO, CONCELEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VIGO

C E R T I F I C O: Que a Xunta de Goberno Local, na **sesión ordinaria do 13 de xaneiro de 2022**, adoptou o seguinte acordo:

4.- PROPOSTA DE CREACIÓN DA CANLE DE ALERTAS EN MATERIA DE CONTRATACIÓN PREVISTO NO OBXECTIVO OPERATIVO 2.2.3 DO PLAN DE INTEGRIDADE NA CONTRATACIÓN. EXPTE. 6695/241.

Dáse conta do informe-proposta de data 28/12/2021, asinado pola xefa do Servizo de Contratación e pola concelleira-delegada de Área, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

Primeiro.- O Concello de Vigo ten unha extensa traxectoria na implantación e desenvolvemento de políticas públicas en transparencia e integridade. Mostra de ilo é a súa integración na "Red de Entidades Locales por la Transparencia y Participación Ciudadana" da Federación Española de Municipios y Provincias, acordada polo Pleno da Corporación en sesión ordinaria de data 30 de marzo de 2015 e a súa adhesión ó **Código de Bo Goberno Local** da FEMP por acordo plenario de data 30 de novembro do mesmo ano.

Segundo.- En data 22 de novembro de 2018 a Xunta de Goberno Local (en adiante XGL), acordou poñer en marcha os traballos para a elaboración do Plan de Integridade na Contratación e constituír un Comité Técnico, formado polo persoal responsable de Contratación, Administración Electrónica, Oficina Contable e Orzamentaria; Secretaría de Goberno Local, Intervención e Asesoría Xurídica, seguindo coa traxectoria municipal en desenvolvemento e implantación das políticas públicas en materia de transparencia e bo goberno. A composición do Comité Técnico de Integridade na Contratación actualizouse por Resolución da Concellería delegada de Contratación, Patrimonio e Xestión municipal de data de 3 de decembro de 2021 (en virtude da delegación por acordo da Xunta do Goberno local do 12/12/2019) como consecuencia da reorganización da Secretaría de Goberno local.

Terceiro.- O Plan de Integridade aprobouse pola Xunta de Goberno Local en data 12 de decembro de 2019, que acordou:

"Primeiro.- Aprobar o "Plan de Integridade na Contratación. Marco Estratéxico", de conformidade coa proposta elaborada polo Comité Técnico do Plan de Integridade na Contratación Pública, nas liñas establecidas pola Concellería Delegada de Contratación.

Segundo.- Delegar na Concellería Delegada de Contratación o desenvolvemento operativo do Plan e a súa implementación, para o que, contará co apoio técnico do



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 20/01/2022 08:44	Páxina 1 de 14
6695-241	CSV: ADAHAA-29EFC1-D6854C-FMMPV6-59QBSW-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 02/05/2022 08:25	Páxina 238 de 364
Expediente/Documento 1185-441	CSV: AFA3A8-C7CE56-E5A5DE-L1YGR9-AK6LKA-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

"Comité Técnico de Integridade na Contratación", así como do conxunto da estrutura municipal de goberno e das áreas e dos servizos municipais.

Terceiro.- Encomendar ao Comité Técnico do Plan o apoio técnico á Concellería Delegada de Contratación na execución do Plan, labor para a que contará coa colaboración do conxunto das áreas e servizos municipais.

Cuarto.- Publicar o presente acordo no Portal de Transparencia Municipal de conformidade coa LTBG, no Perfil do Contratante e na Intranet municipal, dando conta do mesmo aos membros do Goberno municipal e ás Xefaturas de Área e de Servizo para a difusión no conxunto da organización."

Cuarto.- Aprobado o Plan, mediante Resolución da Concellería-Delegada de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal, de data 17 de decembro de 2019 procedeuse á aprobación do desenvolvemento operativo do mesmo.

Quinto.- O Plan de Integridade da contratación, marco estratéxico, recolle a "liña estratéxica 2: tirarlle partido á tecnoloxía", partindo da consideración da tecnoloxía como un dos alicerces do goberno aberto, ao servizo dunha boa administración e como ferramenta ao servizo da xestión do coñecemento. E, dentro desta liña, o "obxectivo estratéxico 2.2: Establecer mecanismos de detección e alertas", diríxese a mellorar o marco de control dos riscos e avanzar en rendición de contas. Con esta finalidade, o marco estratéxico, establece que "o seu desenvolvemento operativo incluírá mecanismos de detección interna xunto cun portal open data e canles electrónicas de comunicación coa cidadanía. No deseño terase en conta a recente aprobación da Directiva (UE) 2019/1937 do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de outubro de 2019, relativa á protección das persoas que informen sobre infraccións do Dereito da Unión".

En desenvolvemento deste obxectivo estratéxico 2.2, o plan de integridade, a nivel operativo, recolle dous obxectivos operativos:

- O obxectivo operativo 2.2.2. "Establecer un portal *open data*", que está en marcha, a partires do acordo da Xunta de Goberno local do 24 de xaneiro de 2020, que aprobou o "proxecto de creación e publicación do portal de datos abertos (*open data*) do Concello de Vigo" (expediente 8924/113), na actualidade operativo en <https://datos.vigo.org/es/>
- O obxectivo operativo 2.2.3. "Abrir un buzón electrónico de alertas", que nos ocupa.

Sexto.- Logo de diversas sesións do Comité Técnico do Plan de Integridade para a súa elaboración, formulouse un proxecto de informe proposta de aprobación, que se someteu ao citado Comité na sesión de data 20 de decembro de 2021, que acordou solicitar informe ao Delegado de protección de datos e formular proposta ao órgano de contratación.

Sétimo.- Consta no expediente o informe do delegado de protección de datos.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 20/01/2022 08:44	Páxina 2 de 14
6695-241	CSV: ADAHAA-29EFC1-D6854C-FMMPV6-59QBSW-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 02/05/2022 08:25	Páxina 239 de 364
Expediente/Documento 1185-441	CSV: AFA3A8-C7CE56-E5A5DE-L1YGR9-AK6LKA-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



FUNDAMENTOS DE DEREITO

-I-

Da integridade

A presente proposta comparte a fundamentación xurídica que conduciu á aprobación do plan de integridade da contratación, no acordo da Xunta do Goberno local do 12 de decembro de 2019 e na Resolución da Concellería de contratación, patrimonio e xestión municipal do 17 de decembro de 2019.

Tal e como alí quedou expresado, a integridade, en principio, é unha cualidade predicable das persoas. Con todo, vense empregando para cualificar sistemas. Nesa liña tiveron unha enorme relevancia os traballos da OCDE. Esta organización considera que a integridade é esencial para a construción de institucións fortes que lle garantan á cidadanía que o goberno traballa ao seu servizo.

O 26 de xaneiro de 2017 adoptou formalmente a *Recommendation on Public Integrity*, na que explica que a integridade pública se refire á adopción dunha postura clara de adhesión e aliñamento cos valores, normas e principios éticos compartillados para defender e priorizar o interese público sobre os intereses privados no sector público.

En materia de contratación, a OCDE conta cunha recomendación específica, a *Recommendation of the Council on Public Procurement* do 18 de febreiro de 2015. O apartado I define a integridade na contratación entendendo que "se refire a que o uso dos fondos, os recursos, os activos e as autorizacións, é conforme aos obxectivos oficiais inicialmente establecidos, e a que do devandito uso se informa adecuadamente, que é conforme ao interese público e que está debidamente harmonizado cos principios xerais do bo goberno".

Esta Recomendación subliña a "gobernanza" da contratación pública, considera que a contratación pública ben gobernada contribúe a unha maior confianza pública, un maior benestar e unhas sociedades máis prósperas e inclusivas.

A nivel europeo, debemos ter en conta o Informe da Comisión ao Consello e ao Parlamento Europeo feito en Bruxelas, o 3 de febreiro de 2014, COM (2014) 38, que expresa a necesidade de conseguir unha cultura da integridade con referencia aos Principios da OCDE de 2009.

Pouco despois publicaríanse as Directivas 2014/23/UE e 2014/24/UE do Parlamento Europeo e do Consello do 26 de febreiro de 2014, relativas aos contratos de concesión e sobre contratación pública, respectivamente, que manifestan unha clara preocupación por esta temática.



Copia do documento - Concello de Vigo

6695-241

Data impresión: 20/01/2022 08:44

Páxina 3 de 14

CSV: ADAHAA-29EFC1-D6854C-FMMPV6-59QBSW-F1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



Copia do documento - Concello de Vigo

Expediente/Documento 1185-441

Data impresión: 02/05/2022 08:25

Páxina 240 de 364

CSV: AFA3A8-C7CE56-E5A5DE-L1YGR9-AK6LKA-F1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

Ademais, mencionando expresamente a recomendación sobre contratación pública da OCDE, a Comisión Europea aprobou a Recomendación (UE) 2017/1805 da Comisión, do 3 de outubro de 2017, sobre a profesionalización da contratación pública: "Construír unha arquitectura para a profesionalización da contratación pública". Nesta Recomendación, aparece a concreta alusión á integridade, sinalando no apartado III.7. que os Estados membros deben apoiar e promover a integridade, a nivel individual e institucional, como parte intrínseca da conduta profesional, proporcionando ferramentas para garantir o cumprimento e a transparencia e a orientación para previr irregularidades.

Ademais dos marcos de integridade, resulta necesario incorporar o enfoque de análise que nos ofrece o principio de boa administración, así como os mecanismos que se propoñen no seu desenvolvemento. O dereito a unha boa administración foi introducido con tal denominación no artigo 41 da Carta dos Dereitos Fundamentais da Unión Europea. Este dereito atópase recoñecido no noso ordenamento xurídico, a nivel constitucional nos artigos 9.3, 31.2 e 103, da CE, sendo frecuente xa a súa cita na xurisprudencia (STS 18/12/2019 e 15/1/2020, entre outras).

Desde os postulados deste principio considérase que a loita contra a mala xestión e mesmo a loita contra a corrupción é posible se non se basea exclusivamente na represión, senón tamén na súa prevención, mediante unha mellora do funcionamento das institucións que garanta a imparcialidade e a loita contra a desigualdade.

A mala administración pode ser resultado de malas decisións baseadas en erros do xuízo humano e da elección que realizan as autoridades decisorias. Ademais, o coñecemento experto tamén pode incorrer en erros de xuízo, polo que, atendendo a que as decisións públicas se adoptan nun marco institucional, propónse ter en conta o deseño organizativo e procedemental para contrarrestar as limitacións cognitivas expostas.

No plano legislativo estatal, sobre a integridade pública, debe terse en conta o disposto nos artigos 1, da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno (LTBG) no ámbito político, e no Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Emprego Público (TREBEP) no ámbito do emprego público. Especificamente, para a xestión da actividade contractual aprobouse a nova Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP), que expresa como principio novo da contratación no seu artigo 1.1 o principio de integridade. En coherencia coa súa proclamación, introduce a necesidade de contar con mecanismos preventivos en materia de contratación pública, incrementa significativamente as obrigacións de transparencia, regula por primeira vez o conflito de intereses, prevé as consultas preliminares ao mercado, regula as condicións especiais de compatibilidade, regula un incidente para posibles prácticas colusorias, oriéntase cara a unha maior profesionalización (composición das mesas de contratación) e crea a Oficina Independente de Regulación e Supervisión da Contratación (OIRESCON), entre outros elementos vinculados a ese obxectivo de procurar unha maior honestidade, mellor consecución do interese xeral e máis eficiente utilización dos fondos públicos.

A LCSP recolle ao longo do seu articulado un conxunto de medidas e mecanismos que apostan por conformar un sistema de integridade institucional en materia de contratación pública, marco no que o Concello de Vigo ven dando xa pasos dende hai tempo, como o amosan os ítems sinalados nos antecedentes da presente proposta



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 20/01/2022 08:44	Páxina 4 de 14
6695-241	CSV: ADAHAA-29EFC1-D6854C-FMMPV6-59QBSW-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 02/05/2022 08:25	Páxina 241 de 364
Expediente/Documento 1185-441	CSV: AFA3A8-C7CE56-E5A5DE-L1YGR9-AK6LKA-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



En concreto, a Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, no artigo 64 introduciu a obriga de que os órganos de contratación establezan “medidas de loita contra a fraude, o favoritismo e a corrupción, e previr, detectar e solucionar de modo efectivo os conflitos de intereses que poidan xurdir nos procedementos de licitación co fin de evitar calquera distorsión da competencia e garantir a transparencia no procedemento e a igualdade de trato a todos os candidatos e licitadores”. O que deu lugar á posta en marcha do plan de integridade da contratación, para o establecemento dun sistema preventivo ou de cumprimento normativo.

Os sistemas preventivos, sexa desde o postulado dos marcos de integridade, do principio de boa administración ou dos programas de cumprimento normativo (compliance), identifícanse por un deseño institucional de cara á creación dun sistema e unha cultura íntegra, cunha rendición de contas eficaz, empregando un conxunto de ferramentas e instrumentos interrelacionados entre os que resulta ser común, entre os que que figura a existencia dunha canle participativa aberta ás formulacións de integridade ou mellora e que permitan informar, de forma segura, de calquera incidencia na boa marcha do proceso, de xeito seguro, mesmo de xeito anónimo, como se irá perfilando a través de diversa normativa.

O avance dos programas de cumprimento normativo (ou *compliance*) no Sector privado foi rápido, de orixe e tradición anglosaxoa, a súa xeneralización en España vén motivada pola introdución da responsabilidade penal das persoas **xurídicas** (a excepción das Administracións públicas, entre outras) coa reforma do Código penal polo 5/2010, de 22 de xuño, coa no artigo 31.bis; ata ese momento só as persoas **físicas** podían ser responsables penalmente. Estes programas de “cumprimento normativo” consolídanse cunha ampliación da regulación nesta materia coa reforma polo 1/2015. En España trasladáronse con forza nos últimos anos ao Sector público con medidas que colgan do Programa Operativo FEDER de Crecemento Sustentable 2014-2020, dentro do marco da Estratexia do Desenvolvemento Urbano Sustentable Integrado (EDUSI) que esixía toda unha serie de disposicións propias deste tipo de programas, entre elas canle de denuncia. O Estado habilitou a estes efectos de fondos europeos a canle de información coñecida como “infraude”, nos termos establecidos pola Comunicación 1/2017 del Servicio Nacional de Coordinación Antifraude.

En Galicia, a partir da Lei 8/2015, do 7 de agosto, de reforma da Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas, e do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, para a prevención da corrupción, atribúenselle especificamente ao Consello de Contas as competencias en materia de prevención da corrupción no ámbito da actividade económico-financiera do sector público da Comunidade Autónoma, abrangendo ás entidades locais, tal e como quedou redactado o artigo 2.1.b da Lei do Consello de Contas.

Interesa destacar que, segundo a *Estratexia en materia de prevención da corrupción* aprobada pola Sección de Prevención da Corrupción do 20 de decembro de 2017, https://www.contasgalicia.es/sites/consello_de_contas/files/contents/static_content/corrupcion/Estratexia_%20prevencion_G.pdf :



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 20/01/2022 08:44	Páxina 5 de 14
6695-241	CSV: ADAHAA-29EFC1-D6854C-FMMPV6-59QBSW-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 02/05/2022 08:25	Páxina 242 de 364
Expediente/Documento 1185-441	CSV: AFA3A8-C7CE56-E5A5DE-L1YGR9-AK6LKA-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

“no eido público, a integridade identifícase coa observancia dos valores e principios de boa administración. Nun entorno íntegro, os servidores públicos cumprirán coas súas responsabilidades, exercerán as súas atribucións e utilizarán a información e os recursos públicos á súa disposición en beneficio do interese xeral ao que serven.

A integridade configúrase así como un pilar da actuación das institucións públicas, cun enfoque distinto ao do mero cumprimento legal, e deberá ser abordada desde unha perspectiva global que a sitúe como punto de partida para o desenvolvemento dunha actuación enfocada á xeración de valor público. O cambio real e efectivo, como promoveu no seu día a OCDE, só se pode realizar a través da configuración de Marcos de Integridade Institucional. A finalidade destes marcos non é só evitar riscos de malas prácticas e de corrupción, senón tamén fortalecer o clima ético das estruturas organizativas procurando paliar desincentivos ou estímulos perversos que se lle poidan presentar ou ofrecer ás persoas integrantes daquelas, tanto interna como externamente.

Así, as políticas de loita contra a corrupción deberán incorporar un conxunto de instrumentos, procesos e estruturas que, integrados holisticamente, constitúan marcos de incentivos e constricións a través da combinación de dous enfoques: o reactivo e o preventivo.

Por un lado, a organización debe facer todo o que estea ao seu alcance para remover as tentacións que poidan inducir a actuacións inadecuadas (prevención). Por outro, debe adoptar medidas para o caso de que os servidores públicos actúen inadecuadamente (reacción).

En todo caso, deberán acometerse as medidas necesarias para facilitar as actuacións seguintes:

- O deseño de procesos formais (sistemas de control interno) que produzan un efecto disuasorio nos servidores públicos.
- O establecemento de obxectivos institucionais razoables e acadables.
- A concienciación dos servidores públicos de xeito periódico e claro sobre a importancia da integridade e os valores éticos no exercicio do seu cargo.
- A actuación exemplarizante dos mandos superiores.
- O fomento dunha cultura aberta e transparente que permita unha comunicación libre con respecto á integridade e o comportamento ético.
- A articulación de mecanismos de denuncia efectivos que permitan coñecer posibles actos corruptos e aseguren o anonimato dos denunciantes.

A integridade será, polo tanto, o resultado da adecuada combinación entre as boas prácticas dos servidores públicos, a correcta dirección, e o adecuado establecemento do control interno”



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 20/01/2022 08:44	Páxina 6 de 14
6695-241	CSV: ADAHAA-29EFC1-D6854C-FMMPV6-59QBSW-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 02/05/2022 08:25	Páxina 243 de 364
Expediente/Documento 1185-441	CSV: AFA3A8-C7CE56-E5A5DE-L1YGR9-AK6LKA-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



-II-

Da canle de alertas

A incorporación dunha canle de denuncia non é de todo novidosa no caso do Concello de Vigo, pois as esixencias derivadas da xestión de fondos europeos tamén introduciron na cultura municipal un conxunto de instrumentos de loita contra as malas prácticas, a fraude e a corrupción, que responden á idea do "ciclo antifraude".

Tal e como anticipábamnos, da man dos fondos EDUSI foron incorporándose ao sector público ferramentas propias dos programas de cumprimento normativo, cunha rápida asimilación por esta vía dos seus elemento característicos: o aliñamento e o compromiso institucional, mediante a declaración antifraude, os mapas de riscos, os conseguintes plans de acción, o comité de autoavaliación, o establecemento de canles de denuncia e procedementos.

Así, pódense consultar na páxina do Concello de Vigo, parte das medidas antifraude adoptadas no seguinte enlace: https://hoxe.vigo.org/conecenos/vigo_vertical10.php?lang=gal#/

"No manual de procedementos das Entidades Dusi se recolle o procedemento de recepción, análise e resolución das reclamacións que se poidan presentar e que poderán realizarse a través dos seguintes enlaces:

- Rexistro do Concello: https://sede.vigo.org/expedientes/tramites/tramite.jsp?id_tramite=100&lang=es
- Buzón denuncias antifraude do Servizo Nacional de Coordinación Antifraude (SNCA): <https://www.igae.pap.hacienda.gob.es/sitios/igae/es-ES/Paginas/denan.aspx>

Estes procedementos se axustan á Comunicación 1/2017, de 6 de abril, sobre a forma na que poden proceder as persoas que teñan coñecemento de feitos que poidan ser constitutivos de fraude o irregularidade en relación con proxectos u operacións financiados total o parcialmente con cargo a fondos procedentes da Unión Europea".

O mesmo sucede cos fondos *NextGenerationEU*, en concreto o artigo 6 da Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, pola que se configura o sistema de xestión do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, prevé o reforzo de mecanismos para a prevención, detección e corrección da fraude, a corrupción e os conflitos de interese.

Así, os órganos xestores dos fondos europeos están obrigados a avaliar o risco de fraude, a cumprimentar a Declaración de Ausencia de Conflito de Intereses (DACI) e a dispoñer dun procedemento para abordar conflitos de interese.

A efectos de acadar homoxeneidade, o anexo II.B.5 recolle un cuestionario de autoavaliación relativa ao estándar mínimos o anexo III.C. orientación sobre medidas de prevención, detección e corrección. No anexo IV, pode verse o modelo de declaración de



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 20/01/2022 08:44	Páxina 7 de 14
6695-241	CSV: ADAHAA-29EFC1-D6854C-FMMPV6-59QBSW-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 02/05/2022 08:25	Páxina 244 de 364
Expediente/Documento 1185-441	CSV: AFA3A8-C7CE56-E5A5DE-L1YGR9-AK6LKA-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

ausencia de conflito de intereses (DACI)

Concretamente, o punto 5 do artigo 6 prevé un "Plan de medidas antifraude" que a entidade decisora ou executora dos fondos deberá aprobar. Este plan tamén deberá estruturar as medidas antifraude ao redor dos catro elementos chave do chamado "ciclo antifraude": prevención, detección, corrección e persecución.

Tanto no eido da prevención como no da detección a Orde prevé a existencia de cauces de denuncia, así como a posibilidade de enlace ao canal de denuncias do SNCA.

Finalmente, no marco estratéxico do Plan de Integridade da Contratación do Concello de Vigo, establecease a referencia lóxica á consideración da Directiva (EU) 2019/1937 do Parlamento Europeo e do Consello do 23 de outubro de 2019 relativa á protección das persoas que informen sobre infraccións do Dereito da Unión, coñecida como Directiva *Whistleblower ou Whistleblowing*, da que o seu prazo de transposición está previsto para o 17 de decembro de 2021, sen que dita transposición normativa se producise a día de hoxe, o que dificulta o deseño de calquera medida, tendo en conta a falta de desenvolvemento a nivel lexislativo de norma reguladora e a carencia de postestade desa natureza para as Entidades locais.

En consecuencia, o contexto de posta en práctica deste obxectivo operativo caracterízase polas seguintes circunstancias:

- O marco normativo descrito ata o presente fundamento xurídico
- A contratación pública atópase dentro do ámbito de aplicación material a Directiva e no ámbito de aplicación subxectivo se prevé que os Estados Membros só poderán prever a exclusión de Concellos de menos de 10.000 habitantes (artigos 1, 2 e 8 da Directiva).
- No entanto, non se aprobaron as normas habilitantes e que configuren as canles e procedementos de denuncia interna e de seguimento, para o seu correcto desenvolvemento por esta Administración.
- Dita transposición non debería atrasarse no tempo, considerando que o prazo de transposición prevese na norma para o 17 de decembro de 2021, coas posibles consecuencias xurídicas a que isto poida lugar nos termos da xurisprudencia europea (Sentenza Marshall, 26-2-1986, entre outras)
- O Plan de Integridade da Contratación de Vigo, previa a existencia dunha canle participativa, de maneira que se habilítase na sede electrónica un canal específico que permitise formular alertas sobre factores de risco en materia de contratación, que puidesen ser comprobados e, polo tanto, que permitan prever, evitar ou corrixir disfuncións, velando polo cumprimento no proceso de contratación.

Nestas circunstancias, de cara a progresión no plan de integridade, propónse un deseño dunha canle participativa en materia de contratación, que permita alertas, no marco normativo existente, pero coas limitacións que del resultan, consonte ao principio de legalidade e á súa vinculación positiva.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 20/01/2022 08:44	Páxina 8 de 14
6695-241	CSV: ADAHAA-29EFC1-D6854C-FMMPV6-59QBSW-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 02/05/2022 08:25	Páxina 245 de 364
Expediente/Documento 1185-441	CSV: AFA3A8-C7CE56-E5A5DE-L1YGR9-AK6LKA-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Concello de Vigo

No seu deseño tense en conta a regulación da Directiva, naqueles aspectos compatibles co actual réxime xurídico vixente, considerando que a previsión dunha entrada anónima é a que, nestas circunstancias pode ser adoptada como medida de protección da persoa informante desde o eido local. A posibilidade do anonimato está prevista no noso ordenamento xurídico para as canles internas no artigo 24 da Lei Orgánica de Protección de Datos. Na actualidade, tamén a xurisprudencia admite esta posibilidade de entrada anónima con efectos limitados, como noticia inicial da que poder examinar a súa verosimilitude e, de ser o caso, será esta comprobación a que dará lugar ao acordo ou resolución de inicio do procedemento consonte ao previsto no artigo 58 da Lei de procedemento administrativo común, así, a Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Madrid do 3 de abril de 2018 e mesmo no eido penal, especial interese, ten a a STS de 6/2/2020, ponente Vicente Magro Servet, que considerou un caso en que a primeira alerta se produciu de xeito anónimo, e con alusión á Directiva Whistleblowing sinala ás canles de denuncia como vías cunha "alta eficacia al constituir el arranque de la investigación como "notitia criminis" (...). En definitiva, se busca reforzar la protección del whistleblower y el ejercicio de su derecho a la libertad de expresión e información reconocida en el artículo 10 CEDH y 11 de la Carta de los Derechos Fundamentales de la UE".

A entrada e o seguimento encoméndase a un Comité de Integridade (previsto no obxectivo operativo 3.4.3 do plan), que contará con autonomía funcional e non estará suxeito a ordes xerárquicas. Este Comité será co encargado de ditaminar a información, e encauzala, de cara ao departamento que proceda, dando lugar ao inicio procedemento correspondente (en materia de contratación, v.gr. conflito de intereses, en materia de recursos humanos, v.gr. inspección de persoal etc.). Especificando que en ningún caso pode cumprir funcións propias doutras autoridades e organismos oficiais.

Finalmente debe terse en conta, a necesidade do enlace ao SNAC, e ao mecanismo de entrada "Infraude", nos termos que o Concello de Vigo xa ven incorporando desde a súa participación nos fondos "EDUSI", dando cumprimento ás previsións da Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, pola que se configura o sistema de xestión do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia así como á progresiva incorporación de información doutras canles externas, tal e como, tamén prevé a Directiva europea.

-III-

Competencia

A competencia orixinaria correspóndelle á Xunta de Goberno local, como órgano de contratación, ao abeiro do disposto no artigo 64, e Disposicións Adicionais. Segunda e Terceira da LCSP. Na actualidade, dita competencia para o desenvolvemento operativo e implantación do plan de integridade atópase delegada por acordo do 12 de decembro de 2019 na Concellería delegada de Contratación, Patrimonio e Xestión municipal. No entanto, en liña cos compromisos asumidos previamente pola Xunta de Goberno local, entre outros acordos, na declaración antifraude e na declaración da integridade, considérase axeitada a avogación de competencias, consonte ao previsto no art. 10 da Lei 40/2015, do 1 do outubro, do réxime xurídico do Sector público.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 20/01/2022 08:44	Páxina 9 de 14
6695-241	CSV: ADAHAA-29EFC1-D6854C-FMMPV6-59QBSW-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 02/05/2022 08:25	Páxina 246 de 364
Expediente/Documento 1185-441	CSV: AFA3A8-C7CE56-E5A5DE-L1YGR9-AK6LKA-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

-IV-

Recursos

O réxime de recursos é o previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións público, en relación coa Lei 7/1985, de 2 abril, reguladora das bases réxime local, e Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

PROPOSTA DE ACORDO

En base ó exposto, propónse á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, a adopción do seguinte **acordo**:

Primeiro: Avogar a competencia delegada no acordo da Xunta de Goberno local do 12 de decembro de 2019 puntualmente para a adopción do presente acordo de creación da canle prevista no obxectivo operativo de 2.2.3 do Plan de Integridade da Contratación.

Segundo: Aprobar a creación da canle de alertas en materia de contratación, consonte aos seguintes principios de funcionamento e xestión:

1. Obxectivos e características xerais

A canle electrónica de alertas é unha canle electrónica específica de participación habilitada na sede electrónica da Administración municipal que permitirá á cidadanía realizar suxestións e alertar sobre factores de risco, infraccións do código ético ou infraccións normativas, que poidan ser obxecto de comprobación, e, polo tanto, que permita previr disfuncións, corrixir incumprimentos normativos e mellorar o proceso da contratación municipal.

Esta canle permitirá a presentación de informacións, alertas ou denuncias que irán directamente ao comité responsable da súa xestión e, ademais, permitirá unha entrada para alertas, que garantirá o anonimato da persoa que a realiza.

